



OLIMPIADA GEOGRAFÍA

I OLIMPIADA XEOGRÁFICA DE GALICIA

6 de marzo de 2015

Inscripcións ata o 28 de febreiro de 2015





Obxectivos:

A I Olimpíada de Xeografía de Galicia persegue fomentar o interese dos alumnos por esta ciencia, que se atopa estreitamente ligada ao territorio e que nos axuda a coñecer e comprender o mundo no que vivimos, tanto o medio natural como as actividades humanas que se desenvolven nel.



Organización:

Está organizada pola Delegación Territorial do Colexio de Xeógrafos en Galicia en colaboración co Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela.



Participantes:

Poden participar todos os alumnos matriculados en segundo curso de bacharelato que cursen a materia de Xeografía en calquera centro público, concertado ou privado da Comunidade Autónoma de Galicia. A participación é individual e pódense presentar un máximo de cinco alumnos por centro.



Inscricións:

Os centros educativos interesados deben cumprimentar o impreso de inscrición que se atopa na web do Colexio de Xeógrafos de Galicia (<http://galicia.geografos.org/es/>) ou na do Departamento de Xeografía (<http://www.usc.es/xeoграф/>). Debe haber un profesor responsable dos alumnos participantes.

As inscricións poden enviarse por correo electrónico a xeografosgalicia@gmail.com ou por correo postal á seguinte dirección:

Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos
Apdo. 41 – 15780 – Santiago de Compostela

O prazo de inscrición finaliza o día 28 de Febreiro de 2015



Celebración da Olimpíada:

A olimpíada celebrarase o día **6 de Marzo** ás 10:00 horas no Departamento de Xeografía de Santiago.

10:00 h. Presentación do acto.

10:30 h. Inicio da proba (duración aproximada dunha hora)

11:30 h. Almorzo de participantes e acompañantes.

12:15 h. Presentación dos estudos de Xeografía e da actividade profesional do xeógrafo.

12:45 h. Entrega de diplomas de participación e resultados



Proba:

A proba constará de 50 preguntas de opción múltiple referidas ao programa de contidos coincidente co temario de selectividade e, en todo caso, aspectos vinculados. Pódense incluír algunhas preguntas con gráficos e cartografía.

O Tribunal corrector estará formado por profesores do Departamento de Xeografía e membros do Colexio de Xeógrafos en Galicia. Este tribunal cualificará os exercicios e propondrá os gañadores.



Premios:

O tres participantes que obteñan mellor cualificación serán os gañadores da I Olimpíada. Recibirán un regalo, así como obsequios de interese xeográfico. O tres segundos tamén recibirán premios das mesmas entidades organizadoras e colaboradoras.

En caso de empate realizarase un sorteo seguindo as bases da olimpíada estatal. O fallo do tribunal será inapelable.

O centro educativo que obteña unha mellor puntuación media entre os seus alumnos (cun mínimo de 3) recibirá, ademais dun diploma acreditativo, un lote de materiais didácticos por parte das entidades colaboradoras. O seguintes cinco centros con mellores cualificacións recibirán un diploma acreditativo.

A entrega de premios terá lugar o día **6 de Marzo** no Paraninfo da Universidade situado na Facultade de Xeografía e Historia.



Fase estatal:

A fase estatal é a VI Olimpíada de Xeografía de España e terá lugar en Valencia os días 17,18 e 19 de abril de 2015. Representarán a Galicia o tres primeiros clasificados ou os seus suplentes. Os gastos de aloxamento e manutención do alumno e dun adulto acompañante corren a cargo da organización. As bases da fase estatal poden consultarse en www.geografos.org

Coordinación:

M^a José Piñeira Mantiñán
Presidenta do Colexio de Xeógrafos en Galicia

Francisco Durán Villa
Director do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela

Montserrat Villarino Pérez
Corresponsal da AGE no Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela

Comité Organizador:

María José Piñeira
Montserrat Iglesias Pérez
Angeles Piñeiro Antelo
Jose Manuel Taboada Failde
Ana Díaz Gómez
Ignacio Fernández López
Xosé Constela Vega

Colegio de Xeógrafos en Galicia

Montserrat Villarino Pérez
Alberto Martí Ezpeleta
Francisco Durán Villa
Departamento de Xeografía

Organización e patrocinio

